

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte de setembro de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as once horas corenta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 17 de setembro de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO RETROEXCAVADORA”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 17 de setembro do corrente, adoptou o acordo de inicio do expediente de contratación do subministro denominado “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO RETROEXCAVADORA”. En virtude do acordado, e de conformidade co

establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría municipal.
- Prego de prescricións técnicas asinado polo alcalde.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, debidamente informados e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do subministro denominado “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO RETROEXCAVADORA”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 30.250,00 €, con cargo á partida correspondente do orzamento xeral en vigor.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación do subministro, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

3.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO

Por resolución de data 07/06/24, a Dirección Xeral de Administración Local concedeu unha subvención ao Concello, por importe total de 50.314,38 €, para o proxecto denominado “*Adquisición de equipamento para a protección do ambiente e do espazo natural*”, ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o

sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 17, do 24/01/24).

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa a “*medio ambiente urbano*” e “*prevención e extinción de incendios*”, segundo o establecido no artigo 25.2 b) e f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL; así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida para tal fin pola Dirección Xeral de Administración Local con cargo á subvención referida.

Debidamente informados/as de canto antecede, e xustificando no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de subministro consistente na adquisición do seguinte equipamento:

- ✓ Cabezal podador para tractor, cun ancho de corte de 1,75 m., dotado de discos e conexión para axuste a desbrozadora lateral.

á sociedade MAXIDEZA S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Lalín, ao prezo de TRECE MIL NOVECIENTOS QUINCE EUROS (13.915,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 162/633 do presuposto en vigor.

4.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO

Por resolución de data 07/06/24, a Dirección Xeral de Administración Local concedeu unha subvención ao Concello, por importe total de 50.314,38 €, para o proxecto denominado “*Adquisición de equipamento para a protección do ambiente e do espazo natural*”, ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia

non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 17, do 24/01/24).

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa a “*medio ambiente urbano*” e “*prevención e extinción de incendios*”, segundo o establecido no artigo 25.2 b) e f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL; así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida para tal fin pola Dirección Xeral de Administración Local con cargo á subvención referida.

Debidamente informados/as de canto antecede, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de subministro consistente na adquisición do seguinte equipamento:

- ✓ Cortadora de céspede con ancho de corte de 1,37 metros, 3 coitelas de corte, sistema de expulsión e multching, potencia nominal mínima de 14.4 Kw e motor de 747 cc.

ao subministrador PABLO GARCÍA PAIS, con DNI núm. [REDACTED], e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, ao prezo de TRECE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (13.297,90 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 162/633 do presuposto en vigor.

5.- RECOÑECEMENTO DE HORAS EXTRAORDINARIAS A PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO

Con data 17 de setembro de 2024 Don Hugo Diéguez Codesal, traballador laboral temporal do Concello coa categoría de socorrista da piscina

municipal, presentou minuta asinada para o recoñecemento de 15 horas extraordinarias realizadas fóra da súa xornada laboral durante os meses de xullo e agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, coa conformidade do Sr. concelleiro-delegado de Deportes, e en aplicación da Base 23ª do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio de 2024, acorda dar a súa aprobación á minuta presentada e recoñecerlle o abono de quince (15) horas en concepto de horas extraordinarias.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 69,39 € E 69,39 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7CO0000961 e 7A7CP0000924 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 26,32 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/factura núm. 28-I4M0-056622 (FACe).
- XUNTA DE GALICIA 3.210,97 €
Por autoliquidación do canon da auga correspondente ao segundo cuadrimestre de 2024, s/cargo.
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 510,32 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 1178.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 49,24 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de agosto de 2024, s/factura núm. 24ZNX0208937 (FACe).

- GRUPO ACODE EDUCA S.L. 14.900,00 €
Por servizo de planificación e desenvolvemento do programa de conciliación “*Concilia Verán Rodeiro 2024*” nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2024, s/factura núm. 24-017 (FACe).
- ASOCIACIÓN EDUCATIVA NA NATUREZA EMOCIONARTE 3.750,00 € E 3.750,00 €
Por organización do campamento “*Rodeiro de Aventura 2024*” nos meses de xullo e agosto de 2024, s/facturas núm. 11 e 13.
- AMBIGAL 360 S.L. 330,00 €
Por importe mensual do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 01-A240877 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)